



Asunto: Concursos 24/4001 a 24/4014. Propuesta de resolución - trámite de audiencia plazas 24/4008 a 24/4011.

Antecedentes

1º. Por Resolución Rectoral de 2 de agosto de 2024, se convocó Concurso para la contratación de diversas plazas de Personal Laboral Docente de esta universidad, entre ellas la plaza 24/4008 (ayudante doctor, Departamento de Economía, área de Economía Aplicada).

2º. El 20 de agosto, don Federico Martín Bermúdez interpuso recurso de reposición contra dicha Resolución por entender que contenía un error que debía ser subsanado. Dicho error consistía en el hecho de que en el punto 2.3 de las bases reguladoras de la convocatoria se incluía una referencia a una normativa derogada en lo relativo a las formas de acreditación de la capacidad para impartir docencia en inglés por parte de las personas candidatas.

3º. Por Resolución Rectoral de 27 de agosto de 2024 (publicada en el Tablón Electrónico Oficial -TEO- el 28 de agosto) se procedió a rectificar el error, en los siguientes términos:

Onde di:

2.3. Requisitos específicos para as prazas 24/4008 á 24/4011 con requisito de coñecemento de inglés:

Para as prazas 24/4008 á 24/4011 será requisito excluínte que as persoas candidatas acrediten a súa capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das formas establecidas no artigo 2 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada nos Consellos de Goberno do 14 de abril de 2016, de 23 de xullo de 2019, de 28 de setembro de 2022 e de 3 de novembro de 2022):

1. Mediante a certificación dun C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCRL) a través dunha certificación oficial.

2. Mediante un diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.

3. Acreditando que impartiu docencia en inglés en universidades estranxeiras, xustificando documentalmente a docencia impartida, así como o vínculo contractual que a amparou.

4. Igualmente aceptárase a acreditación da procedencia (nacemento ou residencia prolongada) nun país de fala inglesa.

5. Excepcionalmente, poderanse revisar outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente, nas que quede suficientemente probado o dominio do inglés por parte da persoa candidata, incluída a posibilidade de convocar a esta para unha entrevista presencial ou telemática para comprobar o seu dominio do inglés.

Debe dicir:

2.3. Requisitos específicos para as prazas 24/4008 a 24/4011 con requisito de coñecementos de inglés:

Para as prazas 24/4008 a 24/4011 será requisito excluínte que as persoas candidatas acrediten a súa capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das formas establecidas no artigo 2.1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas

Código Seguro De Verificación	Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xefe/a de servizo - Servizo de Persoal Docente e Investigador - Vicerreitoría de Profesorado - María Del Pilar Mahía Porto	Asinado	17/10/2024 14:09:47
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





titulacións da Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2024):

- a) *Licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en Inglés*
- b) *Certificación oficial dun nivel C1 dous títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE*
- c) *Diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC*
- d) *Acreditar que impartiron docencia ou titorías en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de visiting professor, teaching assistant ou equivalente; e xustificar documentalmete a docencia impartida en inglés ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización, que someterá as ditas acreditacións ao criterio da Comisión de Internacionalización da UDC para a súa aprobación.*
- e) *Excepcionalmente, poderanse revisar outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente, nas que quede suficientemente probado o dominio do inglés por parte da persoa candidata”.*

4º. Mediante resolución de 25 de setembro de 2024 estimouse o recurso de reposición presentado polo interesado.

5º. O 2 de outubro de 2024 publicouse no TEO a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para cada unha das prazas, figurando varias persoas aspirantes como admitidas condicionada a admisión á superación dunha proba de idiomas a celebrar o 11 de outubro no Centro de Linguas da Facultade de Filoloxía na Zapateira.

6º. O 8 de outubro de 2024 don Federico Martín Bermúdez presenta recurso contra dita relación provisional de admitidos e excluídos no concurso, por considerar que se ten incorrido novamente nun erro na aplicación das bases da convocatoria, polo que se convocou indebidamente a aspirantes que debían ser excluídos/as, a un exame de inglés non admitido polas bases. Solicita que se revoque a resolución recorrida, excluindo ás persoas candidatas que non acreditaron os seus coñecementos de inglés en forma e prazo e desconvocando as probas indebidamente programadas.

Consideracións xurídicas

1ª. O escrito presentado polo interesado, que interpón como recurso de reposición “ou o que a Administración entenda que proceda”, ten a natureza de reclamación contra a resolución provisional e non de recurso de reposición, por non ser a resolución provisional un acto susceptible de recurso ao non reunir as esixencias establecidas no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

2ª. Corresponde á Vicerreitoría de Profesorado, por delegación do reitor, o ditado da resolución que proceda (artigo 11 da Resolución reitoral de 10 de xullo de 2024 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos).

3ª. Na resolución provisional figuran como admitidas persoas que non acreditaron o coñecemento da lingua inglesa por algunha das formas de acreditación recollidas no artigo 2.1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2024), que son: a) licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en Inglés; b) certificación oficial dun nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE; c) diploma que acredite un nivel de C1 completo do

Código Seguro De Verificación	Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xefe/a de servizo - Servizo de Persoal Docente e Investigador - Vicerreitoría de Profesorado - María Del Pilar Mahía Porto	Asinado	17/10/2024 14:09:47
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Centro de Linguas da UDC; e d) acreditar que impartiron docencia ou titorías en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de *visiting professor*, *teaching assistant* ou equivalente; e xustificar documentalmente a docencia impartida en inglés ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización, que someterá as ditas acreditacións ao criterio da Comisión de Internacionalización da UDC para a súa aprobación.

Non procede que figuren na relación de persoas admitidas as que non teñan acreditado o coñecemento da lingua inglesa por algunha das catro formas antes sinaladas, nin procede a celebración dunha proba de inglés como a que se recolle na relación provisional publicada.

4ª. Dito o anterior, a admisión condicionada de persoas que non acreditaron o coñecemento da lingua inglesa por algunha das catro formas antes referidas e a convocatoria da proba de inglés traen causa dunha resolución reitoral do 27 de agosto de 2024, pola que se pretendeu corrixir un erro advertido na convocatoria do concurso (ver antecedente 3º). Foi nese acto administrativo de rectificación de erros no que **se incluíu, tamén por erro, un apartado e) non recollido na normativa aprobada o 18 de xullo de 2024:** “e) Excepcionalmente, poderanse revisar (sic) outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente, nas que quede suficientemente probado o dominio do inglés por parte da persoa candidata”.

Procede rectificar ese erro, ditando nova resolución reitoral que se axuste ao disposto na normativa en vigor, con retroacción das actuacións ao momento anterior á Resolución Reitoral do 27 de agosto de 2024, deixándoa sen efecto así como os actos posteriores que se teñan ditado no marco deste procedemento.

Polo exposto, elévase á Vicerreitoría de Profesorado unha **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN** para que, se o considera, dite unha resolución pola que se estime parcialmente a reclamación presentada por don Federico Martín Bermúdez e se ordene a retroacción do procedemento ao momento anterior á Resolución de 27 de agosto de 2024 co fin de que se corrixa o erro cometido na convocatoria no que atinxe ás prazas 24/4008 a 24/4011, deixando sen efecto as actuacións posteriores, con devolución das taxas ás persoas que se presentaron, e abrindo novo prazo de presentación de solicitudes para as anteditas prazas.

Esta proposta de resolución será publicada no TEO, abríndose un **trámite de audiencia**, durante un **prazo de dez días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación, para que as persoas interesadas podan presentar as alegacións que estimen oportunas.

A Coruña, na data de sinatura dixital

A xefa do Servizo de Persoal Docente e Investigador

María del Pilar Mahía Porto

Código Seguro De Verificación	Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xefe/a de servizo - Servizo de Persoal Docente e Investigador - Vicerreitoría de Profesorado - María Del Pilar Mahía Porto	Asinado	17/10/2024 14:09:47
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nz8dg9zvrqWibocY0aBhjA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

